



## Pagamento de taxas administrativas

### 1. Obxecto

As actuacións administrativas que se derivan da aplicación do Decreto 174/2005, do 9 de xuño, están sometidas ao pagamento das taxas previstas na normativa tributaria da comunidade autónoma.

### 2. Lexislación aplicable

- Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.
- Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da comunidade autónoma de Galicia.

### 3. Modelo de autoliquidación de taxas

O pagamento das taxas administrativas faise mediante o modelo de autoliquidación (tres exemplares autocopiativos), que se debe cubrir cos códigos correspondentes:

Consellería:	MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO	Código:	15
Delegación:	SERVIZOS CENTRAIS (Santiago de Compostela)	Código:	13
	A CORUÑA	Código:	10
	LUGO	Código:	20
	OURENSE	Código:	30
	PONTEVEDRA	Código:	40
Servizo:	CONTROL DE RESIDUOS	Código:	08

Taxa: denominación	Código	Importe a ingresar (€)
Autorización de xestor de residuos para actividades de almacenamento, valorización e eliminación de residuos	32.52.03	705,76
Baixa ou transmisión de titularidade da autorización de xestor de residuos para actividades de almacenamento, valorización e eliminación de residuos	32.52.14	176,43
Modificación das autorizacións de xestores de valorización e eliminación	32.52.16	176,43
Modificación das autorizacións de xestores de almacenamento de residuos	32.52.17	44,13
Inscripción no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia: - Pequeno produtor de residuos perigosos (<10 t/ano) - Produtor de residuos perigosos (>10 t/ano) - Produtor de residuos non perigosos (>1.000 t/ano) - Transportista profesional de residuos perigosos e de residuos non perigosos - Negociante para residuos perigosos e para residuos non perigosos - Axente para residuos perigosos e para residuos non perigosos	32.52.04	176,43



Taxa: denominación	Código	Importe a ingresar (€)
Inscripción no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia: - Produtor de lodos con destino á agricultura	32.52.04	176,43
Baixa da inscrición de produtores, axentes e negociantes de residuos perigosos no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia	32.52.15	44,13
Modificación de inscricións no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia	32.52.06	44,13
Autorización de traslado transfronteirizo de residuos	32.52.13	176,43
Autorización e prórroga dos sistemas individuais de responsabilidade ampliada do produtor	32.52.18	176,43
Autorización e prórroga dos sistemas colectivos de responsabilidade ampliada do produtor	32.52.19	705,76
Modificación da inscrición por ampliación do prazo de almacenamento de residuos	32.52.20	50,80
Modificación da inscrición por recodificación de residuos producidos	32.52.21	151,50
Declaración de subproduto	32.52.22	159,58

O modelo de autoliquidación das taxas pode solicitalo en calquera unidade administrativa da Xunta de Galicia, ou ben descargalo da páxina web <http://www.atriga.es/web/atriga/a-axencia-tributaria-de-galicia/servizos/programas-de-axuda-e-confeccion-online-de-formularios> no apartado de Taxas e prezos.

#### 4. Onde se paga

En calquera das entidades financeiras colaboradoras da Xunta de Galicia, ou ben a través dos servizos telemáticos na páxina web <http://www.conselleriadeconomia.es/> >> Oficina Virtual Tributaria >> Servizos de Acceso Libre/Servizos con Certificado >> Entrar na Oficina Virtual >> Taxas, Prezos, Multas e Sancións >> Pago Telemático de Taxas e Prezos.

#### NOTA

Esta información ten unicamente carácter orientativo, polo que non substitúe nin modifica as disposicións normativas que regulan os diferentes procedementos administrativos nin, en consecuencia, pode dar orixe a dereitos ou obrigas que non se atopen contemplados na regulamentación específica.

Última modificación: xaneiro 2018